

31 de maio

DÍA MUNDIAL SEN TABACO



Prevenición do TABAQUISMO dende a FAMILIA

Non fumar e que os teus fillos e fillas non fumen é o mellor que podes facer pola súa

SAÚDE

Protexe ás túas fillas e fillos, algo de INFORMACIÓN:

- Os produtos do tabaco matan a máis de 8 millóns de persoas cada ano (cancros, enfermidades cardiovasculares e enfermidades respiratorias).
- As empresas tabaqueiras gastaron máis de 8000 millóns en márketing e publicidade, cos que buscan captar a unha nova xeración de clientes e clientas que substitúan ós que falecen pola súa causa.
- Queremos unha xeneración libre de tabaco, de fume alleo, e das mortes e enfermidades que estos provocan. Para iso é importante coñecer e divulgar algunhas das tácticas que as industrias tabaqueiras utilizan para comercializar os seus produtos entre as novas xeracións, estas son:
 - Bombardear ás e ós adolescentes con mensaxes nas redes Sociais.
 - Introducir a idea de que os cigarros electrónicos non son malos para a saúde, información que é falsa porque estes aumentan a probabilidade de fumar cigarros no futuro, aumentan o risco de sufrir cardiopatías e enfermidades respiratorias, afectan á aparencia física e se levan nicotina provocan adicción, podendo afectar ó desenvolvemento cerebral dos e das menores.
 - Introducir no mercado máis de 15.000 sabores para os cigarros electrónicos, aumentando así, o seu atractivo para as e os menores de idade.
 - Utilizar mercadotecnia e o apoio de persoas influentes nas redes Sociais para promocionar os seus produtos, como algo moderno, atractivo, desexable.
 - Patrocinar eventos e festas.
 - Utilizar deseños elegantes, sexis e modernos.
 - Utilizar a colocación de produtos en medios de entretemento como videoxogos, películas, series, etc.
 - Utilizar a colocación de produtos e outro tipo de publicidade indirecta preto de lugares de afluencia de menores de idade.
- Para liberarnos e liberar os nosos fillos e fillas da manipulación das industrias tabaqueiras é importante dar a coñecer as súas tácticas e o dano que causan na saúde e na aparencia física os seus produtos. Por iso, débese educar ás nenas e ós nenos sobre os danos que provoca o consumo dos produtos do tabaco e a nicotina, fomentando a súa capacidade de acción e decisión, que lles permita rexeitar a manipulación das industrias tabaqueiras e dicir non ó tabaco.

Alcemos a voz #TobaccoExposed